

## Departamento de Lingua Galega

### Orientacións para a realización dun traballo escrito

Pasos a seguir:

#### 1.- **Comprender ben que é o que hai que facer.**

Cando se reciban as instrucións do profesor/a hai que asegurarse de que se entendeu exactamente o que se pide co traballo.

Hai que preguntarse tres cuestións:

- a) Podería explicar este traballo a outra persoa usando as miñas palabras?
- b) Cales son as preguntas que se deben responder?
- c) Cal é o seu obxectivo?

2.- **Coñecer ben os datos externos ao traballo:** prazos de entrega, extensión e demais características específicas, así como a planificación do tempo.

3.- **Buscar e seleccionar a información necesaria** relacionada co tema.

Lembra que o éxito dun traballo depende a miúdo de saber buscar e utilizar a información adecuada e de que, non por dispoñer de máis datos, se teñen máis saberes. Buscar e utilizar datos require certas estratexias. Propoñemos algunhas.

- a) Identificar as palabras-clave asociadas co tema a traballar e utilízalas como termos de busca nos arquivos dunha biblioteca, dunha enciclopedia ou en Internet.
- b) Buscar en cada caso as mellores fontes de información. Non esquecer outros recursos ademais de Internet: libros específicos sobre o tema, enciclopedias, revistas especializadas ou mesmo una conversa cun experto.
- c) Mentres se realizan as tarefas de investigación, débese rexistrar só a información esencial. Unha proposta interesante é a recollida de todo ese material en fichas onde incluír os resumos, os esquemas, os mapas conceptuais, as citas, etc.
- d) Organizar a información a medida que se rexistra e tomar nota sobre a forma en que se pretende comunicar as ideas de cada fonte.
- e) Preguntarse sempre: a información recopilada responde ás preguntas expostas no traballo? Esta información é correcta? É precisa? Está completa?

4.- **Elaborar o corpo do traballo.** Para iso é conveniente confeccionar un esquema xeral cos puntos esenciais que sirva de guía na elaboración e o desenvolvemento do tema. Combinar as partes máis expositivas con outras argumentativas, fixarse na coherencia de cada una das partes co tema global así como na cohesión arquitectónica do traballo.

5.- **Redactar un borrador** sobre o cal se poidan corrixir os erros e perfeccionar os contidos.

6.-Procurar que o **traballo** sexa **crítico e creativo**.

7. Facer **o índice, a portada, a introdución, as conclusións e a bibliografía**.